

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 13 DE OUTUBRO DO 2022.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Trece de Outubro do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL-01/09/2022)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 01/09/2022

2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 08/09/2022)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 08/09/2022

3.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 15/09/2022)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 15/09/2022



4.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 22/09/2022)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 22/09/2022

5.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 29/09/2022)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 29/09/2022

6.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 06/10/2022)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 06/10/2022

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202210/011

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 04/10/2022 "Decreto: CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING DO ENCONTRO DAS PERSONAS MAIORES DE RIBEIRA 2022"

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202210/015

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 04/10/2022 "Decreto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING DO ENCONTRO DAS PERSONAS MAIORES DE RIBEIRA 2022"

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202210/024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 04/10/2022 "Decreto: Aprobación do Plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN, SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN BRAÑA DO MURO (AGUIÑO)""

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202210/038

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 06/10/2022 "Decreto: Aprobación do Plan de seguridade e



saúde das obras do proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO EN RÚA DA CHOUZA (CASTIÑEIRAS)”

11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202210/105

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 11/10/2022 “Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DO FIRME DO CAMIÑO DA EIREXA A GÁNDARA E DO CAMIÑO DE MEILADÍN (OLEIROS E OLVEIRA)”

12.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE OBRA Nº 11/21). LUGAR: TRAVESÍA BUENOS AIRES S/N, POZOS, CORRUBEDO (RIBEIRA). PROMOTOR: JOSÉ RAMÓN SANTOS SANLÉS.

VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada por **D. José Ramón Santos Sanlés** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE TRAVESÍA DE BUENOS AIRES S/N, POZOS, CORRUBEDO (RIBEIRA), CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA Nº 11/21**, según proxecto básico presentadO polo arquitecto Dña. María del Carmen Gago Fernández, colexiada nº 2498 do COAG.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe** favorable emitido polo **arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o **día 27 de setembro de 2022**, e o informe do **secretario xeral da Corporación de data 29 de setembro de 2022**.

CONSIDERANDO que de conformidade co **artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles**, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se preveña no acto de outorgamento.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- **CONCEDER** a **D. José Ramón Santos Sanlés** licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE TRAVESÍA DE BUENOS AIRES S/N, POZOS, CORRUBEDO (RIBEIRA)**, según proxecto básico presentado polo arquitecto Dña. María del Carmen Gago Fernández, colexiada nº 2498 do COAG e, **en consecuencia autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra nº 11/21 concedida pola Xunta de Goberno local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada o 08 de abril de 2021.**

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da



notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.*

Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de*



pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

13.- LICENZA MUNICIPAL para REFORMA DO EDIFICIO DA XEFATURA COMARCAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN RIBEIRA. LUGAR: PRAZA DOS MARIÑEÍROS, Nº 11, RIBEIRA. CLASIFICACIÓN DO SOLO: SOLO URBANO ORDENANZA 8.3. DOTACIONAL DE EQUIPAMENTOS DOCENTE, SOCIO CULTURAL, ADMINISTRATIVO, SANITARIO E DEPORTIVO. PROMOTOR: CONSELLERÍA DO MAR

VISTA a solicitude de **LICENCIA DE OBRA** para **REFORMA DO EDIFICIO DA XEFATURA COMARCAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN RIBEIRA, PRAZA DOS MARIÑEÍROS, Nº 11, RIBEIRA** da que é promotora a entidade **CONSELLERÍA DO MAR**.

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **15 de setembro de 2022**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes do técnico de administración xeral** adscrito ao departamento de urbanismo de día **22 de setembro de 2022**, e **secretario xeral da Corporación** de data **7 de outubro de 2022**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan na seguinte propoñenda de acordo.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á CONSELLERÍA DO MAR a LICENZA DE OBRAS (Nº 30/22) para REFORMA DO EDIFICIO DA XEFATURA COMARCAL DA CONSELLERÍA DO MAR sita na Praza dos mariñeiros nº 11, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 1114001NH0111S0001QE, nos termos do **Proxecto de Execución de febreiro de 2022** redactado por D. Óscar Pidre Mosquera, (arquitecto col. nº 3.964).



SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.



- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Bernardino Muñoz Martínez

Visto o escrito presentado por **Bernardino Muñoz Martínez**, de data 22/09/2022 (Registro de entrada nº 18.136), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita en parcela con refª catastral nº 3442808NH0134S0001OH na Rúa Monte, Palmeira (Ribeira).

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 03/10/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita en parcela con refª catastral nº 3442808NH0134S0001OH na Rúa Monte, Palmeira, Ribeira.

15.- VAO PERMANENTE – Manuel Antonio Vázquez Paz

Visto o escrito presentado por **Manuel Antonio Vázquez Paz**, de data 26/09/2022 (Registro de entrada nº 18.349), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Pedriña, nº 11 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 05/10/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a Manuel Antonio Vázquez Paz**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), con reforzo de pintado de liña lonxitudinal amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Pedriña, nº 11 (Palmeira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega das pracas de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

16.- VAO PERMANENTE – C.P. Urbanización Fonteseca

Visto o escrito presentado por Asesoría Beny García en representación de **C.P. Urbanización Fonteseca**, de data 23/09/2022 (Registro de entrada nº 18.277), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Castiñeiras.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 05/10/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a C.P. Urbanización Fonteseca**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), con reforzo de instalación de sinal vertical de



prohibido estacionar (R-308), na entrada ao garaxe do inmoible situado en Castiñeiras, según o sinalado no citado informe policial.

- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega das pracas de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

17.- SINALIZACIÓN VIAL ÚNICO DE SENTIDO DE CIRCULACIÓN DA FIEITEIRA A LAXES

Visto o informe (Parte de servizo nº 5273) emitido pola **Policía Local**, de data 11/10/2022, no que expón a necesidade de habilitar nun único sentido de circulación do tráfico rodado dun vial situado nos arredores do Complexo Deportivo da Fieiteira (tramo existente desde o campo de céspede artificial cara abaixo, en dirección Laxes (Carreira), debido á estreitez do mesmo e á dificultade que elo conleva para poder manobrar, no suposto de que se encontren dous vehículos de fronte.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a habilitación nun único sentido de circulación do tráfico rodado dun vial situado nos arredores do Complexo Deportivo da Fieiteira, en concreto no sentido dirección do tráfico desde a zona de Laxes cara arriba, sendo necesario no rellano indicado con anterioridade, colocar un sinal de dirección prohibida, así como outra de rúa sen saída na parte de arriba do complexo deportivo, xusto cando se empeza a estreitar a zona de estacionamentos nesa dirección, a carón ao muro do campo de fútbol de céspede natural, ou no seu caso, xusto enfronte, no lateral dereito da calzada en cuestión, en todo caso no lugar on resulte máis favorable; segundo o sinalado no citado informe policial.

18.- CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ACTIVIDADES CULTURAIS 2022

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 10/10/2022, relativa á aprobación da convocatoria de achegas para a promoción de actividades culturais correspondentes ao exercicio 2022.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/10/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a convocatoria de achegas para a promoción de actividades culturais correspondentes ao exercicio 2022, según o sinalado na citada proposta.



19.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL LAJAREU POR BARLOVENTO

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes, Javier Sampedro Ageitos, de data 29/09/2022, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento, co obxectivo de coordinar e complementar as ofertas deportivas, impulsando a práctica dos deportes náuticos, en especial da vela.

VISTO que o obxecto do devandito convenio é para coordinar e complementar as ofertas deportivas, impulsando a práctica dos deportes náuticos, en especial da vela.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 10/10/2022.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento; cunha consignación por importe de 2.000,00 € na aplicación orzamentaria 341-48004 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

20.- COMUNICACIÓN DE CORTA DE ÁRBORES - María del Carmen Mariño Sanlés

PARAXE/LUGAR/PARROQUIA: CANAVEIRO, SALMÓN, OLEIROS
REF. CATASTRAL: 15074A840005390000ZB
EXPEDIENTE: 2022TMA-000054

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por María del Carmen Mariño Sanlés, de data 6 de outubro de 2022 (entrada núm. 19.242), mediante o que solicita autorización para cortar unhas árbores na súa finca, no lugar de Canaveiro, Salmón, Oleiros, deste termo municipal.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 11 de outubro de 2022, no que se conclúe que a solicitude non precisa efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de monte ou terreo forestal.



De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) *Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na Lei 7/2012.*”

3. RESOLUCIÓN

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 11/10/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a corta das árbores obxecto da solicitude, nas condicións referidas no informe emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente, que consta no expediente.

21.- SOLICITUDE PASO REBAIXADO EN BEIRRARRÚA – Josefa Rivas Rivas

Visto o escrito presentado por **Josefa Rivas Rivas**, de data 14/09/2022 (Rexistro de entrada nº 17.311), no que solicita que se rebaixe a beirrarrúa situada no lugar de Arrochela, nº 15 (Palmeira), para facilitar o paso a persoas con mobilidade reducida que viven en ese domicilio.

Visto o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 10/10/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** o rebaixe da beirrarrúa situada no lugar de Arrochela, nº 15 (Palmeira), para facilitar o paso a persoas con mobilidade reducida que viven en ese domicilio.

22.- REPOSICIÓN ESPELLO VIAL EN A GRAÑA

Visto o informe (Parte de servizo nº 5271) emitido pola Policía Local, de data 10/10/2022, no que comunica que no lugar da Graña á altura do nº 8 existe un soporte de espello vial ao que lle falta o espello, sendo este un lugar con pouca visibilidade para acceder á estrada principal, polo que resulta un perigo para a seguridade vial.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á reposición do espello vial situado no lugar da Graña á altura do nº 8, xa que resulta perigoso para a seguridade vial.

23.- SOLICITUDE RESERVA DE ESTACIONAMENTO ZONA EXPRESS – Comercial y Aluminios Mallo Area, S.L.

Visto o escrito presentado por Damaris Mallo Mariño en representación de **Comercial y Aluminios Mallo Area, S.L.**, de data 26/07/2022 (Rexistro de entrada nº 14.163), no que solicita unha zona de estacionamento express na Rúa Xosé Ramón Fernández Barreiro (Ribeira), co motivo de dar servizo aos clientes da lavandeiría autoservizo situada nese emprazamento.



Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 10/10/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda denegar** a habilitación dunha zona de estacionamento express na Rúa Xosé Ramón Fernández Barreiro (Ribeira), debido a que xa existe unha zona de estacionamento express nos arredores.

24.- SOLICITUDE CAMBIO DE ILUMINACIÓN NA CASA DO CONCELLO O DÍA 15 DE OUTUBRO – Iria García Parada

Visto o escrito presentado por **Iria García Parada**, de data 10/10/2022 (Registro de entrada nº 19.465), no que solicita o cambio de iluminación da Casa do Concello (Rosa e azul), o día 15/10/2022, en conmemoración do día da visibilidade do duelo neonatal, xestacional e perinatal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** o cambio de iluminación da Casa do Concello (Rosa e azul), o día 15/10/2022, en conmemoración do día da visibilidade do duelo neonatal, xestacional e perinatal.

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, de data 07/10/2022 (Registro de entrada nº 19.406), no que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “Chiringuito Pedra Pateira” (Ribeira), cuns eventos musicais (concertos) os días 12 e 18/10/2022, de 20:30 h. a 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Denegar a solicitude de autorización presentada por **Manuela Pérez Pouso** para amenizar o establecemento hostaleiro “Chiringuito Pedra Pateira” (Ribeira), cun evento musical (concerto) o día e 18/10/2022, de 20:30 h. a 23:00 h, debido a que está pendente de aprobación a ordenanza para eventos musicais/concertos.

26.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO E NORMAS DE XESTIÓN: “Encontro das Persoas Maiores 2022”

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 11/10/2022, no que no que solicita a aprobación de prezo público para a realización da actividade “Encontro das Persoas Maiores 2022”, o día 06/11/2022.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/10/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1º) A imposición das seguintes **tarifas** para as seguintes actividades:



PROGRAMA	PREZO POR PERSOA
"ENCONTRO DAS PERSOAS MAIORES 2022"	16 €

2º) Establecer para o seu cobro as seguintes **NORMAS DE XESTIÓN:**

- Os requisitos dos Obrigados ao pago para o acceso á actividade son os seguintes:
 - Estar empadroadado no concello de Ribeira.
 - Ter unha idade de 55 anos ou mais.
 - Acreditar a posesión dunha entrada adquirida de conformidade co previsto nestas normas.
- O importe do prezo público satisfarase mediante a adquisición dunha Entrada nas oficinas da OAC na casa do concello, as cales será despachadas por rigoroso orde de presentación ata esgotar o aforo.
- O pago poderase facer mediante tarxeta de crédito ou débito ou en efectivo na oficina da OAC de 9:30h a 13:30h do 17 de outubro do día 2 de novembro do 2022 inclusive.
- A devandita entrada será numerada, persoal e intransferible, indicando o número de mesa asignado.
- Será requisito imprescindible para o acceso ao evento mostrar a entrada ao persoal encargado así coma no caso de seres requirido, acreditar a súa identidade, debendo presentarse cunha antelación mínima de 1 hora antes do comezo da actividade, previsto o seu inicio ás 14,15 horas.
- Os admitidos ao evento terán dereito a:
 - Comida de dous pratos e postre e café servida por persoal de servizo.
 - Evento animado de orquestra de 17,30 horas a 20.30 horas.
- Os asistentes estarán obrigados a seguir as indicacións do persoal encargado, debendo desalojar as instalacións coa hora límite das 21.00 horas.
- O desistimento ou falta de asistencia dos usuarios á actividade por calquera razón non suporá redución nin exención da obriga de pagamento nin dará dereito á devolución da contía satisfeita.

3º) A publicación do seguinte acordo no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:05 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

